

Lei 3/1984, do 3 de abril, de xestión económica e financeira pública de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núms. 163, do 15.10.1983, e 173, do 10.11.1983.

Emendas, BOPG núm. 185, do 3.12.1983.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 233, do 14.3.1984.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 249, do 10.4.1984.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 249, do 10.4.1984.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 71, do 13.4.1984.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 259, do 2.5.1984.

Diario Oficial de Galicia núm. 113, do 13.6.1984.

Boletín Oficial del Estado núm. 73, do 26.3.1985.

Lei 3/1984, do 3 de abril, de xestión económica e financeira pública de Galicia

Pola Lei 2/1988, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1988, foi modificado o artigo 79.

Pola Lei 13/1988, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1989, foron modificados os artigos 41, 42, 44, 45, 46, 49, 50 e 51.

Pola Lei 2/1990, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1990, foi modificado o capítulo IV, así como os seus artigos 60 e 61, e engadido un capítulo V no título II, coa conseguinte modificación dos artigos 62, 63 e 64.3.

Pola Lei 13/1991, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, foi modificado o artigo 10.

Pola Lei 15/1991, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1992, foi modificado de novo o artigo 10.

Esta lei foi derogada pola Lei 11/1992, de réxime financeiro e presupostario de Galicia.

A Disposición Transitoria terceira do Estatuto de Autonomía determina que, mentres o Parlamento de Galicia non lexisle sobre as materias da súa competencia, continuarán en vigor e serán de aplicación as actuais leis e disposicións que rexen para o Estado.

En relación co contido da presente Lei, parecía obrigado dictar unha disposición que, ó igual cá Lei Xeral Presupostaria do 4 de xaneiro de 1977, aplicable ó Estado, recollese os principios e regras a que deben quedar sometidos a actividade económica e financeira da Comunidade Autónoma, inspirados, por unha banda, nos criterios de coordinación establecidos na Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas e, por outra, no propio Estatuto, que

regula unha serie de competencias e impón unha serie de obrigas á Comunidade en materia de prestación e desenvolvemento dos servizos públicos, tutela financeira das corporacións locais e fomento e planificación da actividade económica, social e cultural de Galicia, distintas das que ostente a Administración do Estado e que dan orixe ó manexo duns recursos e un patrimonio diferenciado, que deben ser obxecto de axeitada regulación.

Á finalidade exposta responde esta Lei, tendo en conta o disposto no artigo 53 do Estatuto, que establece o principio do presuposto único para tódolos organismos, institucións e empresas dependentes da Comunidade, que deberá ser elaborado e aplicado pola Xunta

ou Goberno da Comunidade e sometido a exame, emenda, aprobación e control do Parlamento.

A estes efectos a Lei pretende dar cumprimento ó Estatuto sen restar axilidade á actividade dos organismos autónomos e empresas públicas galegas, recoñecendo ó mesmo tempo a necesidade de lles asigna-los instrumentos de xestión diversificada en razón da súa especial característica de estaren dotadas de personalidade xurídica propia, de xeito que os Presupostos Xerais da Comunidade quedan constituídos pola agregación de varios presupostos diferenciados e sometidos a unhas regras comúns.

Por outra parte e dando cumprimento ó disposto no número un da Disposición Adicional terceira do Estatuto, establécese a obriga de unir ós presupostos da Comunidade, dos seus organismos autónomos e das súas empresas públicas, os das Deputacións provinciais de Galicia.

Téñense, igualmente, en conta as competencias que lle corresponden ó Consello de Contas de Galicia como institución encargada da superior fiscalización da actividade financeira e da censura das contas da Comunidade Autónoma, mentres non se regule por unha Lei a súa organización e funcionamento como órgano titular do control externo, e establécense as obrigadas referencias ás leis reguladoras do Patrimonio da Comunidade, das exaccións tribu-

tarias propias, do Estatuto de Empresa pública galega e ás leis do Estado nos impostos que sexan de aplicación.

A presente Lei busca, en definitiva, concretar nunha serie de principios e normas a coordinación interna da propia lexislación que se aprobe polo Parlamento de Galicia en uso das súas facultades e que dalgún xeito teñan incidencia no fenómeno económico e financeiro, a regulación dunhas relacións coordinadas entre os distintos órganos ou institucións da Comunidade que manexen, controlen e xestionen os recursos públicos de Galicia, o mantemento da precisa correlación coas institucións do Estado para a máis eficaz prestación dos servicios e para a mellor información sobre as actividades públicas e o desenvolvemento das relacións que nalgúns aspectos terán que manterse coas Corporacións Locais da Comunidade.

A Lei consta dun Título preliminar e cinco Títulos. No primeiro deles recóllense os principios xerais e prerrogativas da Comunidade, así como o sometemento á Lei de toda a súa actividade pública de carácter económico e financeiro, fundamentalmente nas materias de xestión presupostaria, contabilidade, manexo de fondos públicos e esixencias de responsabilidades.

No Título I régúlase en dous Capítulos o réxime xurídico, as

prerrogativas e formas de administración da Facenda da Comunidade como titular da administración dos recursos xerados pola súa actividade, que estean autorizados polas leis, e como institución encargada de dar cumprimento ás obrigas de contido económico, establecéndose o principio xeral da non afectación dos recursos a fins determinados, agás que se autorice expresamente nunha Lei.

Dentro do Título I, merece especial mención o Capítulo III, relativo ós recursos que a Facenda da Comunidade pode obter mediante operacións de endebedamento, onde se regulan tódolos tipos de actuacións nos mercados de capitais conforme ó previsto no artigo 47 do Estatuto e na Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas.

O Título II aparece estruturado en catro Capítulos, o primeiro destinado a regula-lo contido e aprobación dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, baixo o principio de universalidade, polo mecanismo descrito de agregación dos presupostos diferenciados da propia Comunidade, dos seus organismos autónomos e das súas empresas públicas. O Capítulo II recolle as normas relativas á estrutura dos presupostos da Comunidade e dos seus organismos autónomos de carácter administrativo e á configuración dos distintos créditos, así como das modificacións que nos mesmos se poidan producir respecto da

Comunidade e dos seus organismos autónomos de carácter administrativo.

Os Capítulos III e IV, destinados respectivamente a regula-la execución e liquidación dos Presupostos e as normas especiais aplicables ós presupostos dos organismos autónomos de carácter industrial, comercial e financeiro ou análogo e as empresas públicas.

A xestión presupostaria queda fundamentada no devandito Título II sobre os principios da especificación e o carácter limitativo dos créditos, coas excepcións que se determinan verbo da súa posible ampliación para cubri-las obrigas das clases pasivas e aquelas outras que puidesen xurdir como consecuencia de novos trasposos de servizos por parte da Administración do Estado ou da actividade productiva das empresas públicas e dos organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo.

O Título III refírese nos seus dous Capítulos á Tesourería da Comunidade, constituída pola totalidade dos recursos financeiros da mesma e dos seus organismos autónomos, baixo o principio de caixa única, e ás normas sobre concesión de avais pola Comunidade Autónoma e polas empresas públicas galegas, fixando as cualidades dos posibles beneficiarios, así como os mecanismos de control en canto ó uso das facultades para prestar estas formas de garantía.

O Título IV configúrase nos tres Capítulos relativos ó Control Interno, a Contabilidade e a Conta Xeral da Comunidade.

No Capítulo relativo ó control, establécense tres formas de exercicio do mesmo: a función interventora, a auditoría interna e o control financeiro. A auditoría interna decántase como unha actividade substitutiva de función interventora para os supostos en que poida establecerse sen diminución das garantías precisas e co fin de axilizarlos procedementos de control. O control financeiro concíbese como unha terceira actividade con finalidades máis amplas tendentes a comproba-lo correcto funcionamento no aspecto económico e financeiro dos servizos, organismos autónomos e empresas públicas ou participadas pola Comunidade e a comproba-lo efectivo cumprimento dos obxectivos que teñan sinalados, sendo o único modo de control aplicable ás empresas públicas e participadas así como ás persoas naturais ou xurídicas que reciban subvencións ou outras axudas da Comunidade, dos seus organismos autónomos e empresas públicas.

No Capítulo relativo á Contabilidade, determínase a necesidade de sometemento á mesma de calquera operación realizada polos administradores dos recursos da Comunidade, dos seus organismos autónomos e das súas empresas públicas, establécese a necesaria coordinación co Plan Xeral da

Contabilidade Pública vixente para o Sector Público estatal e configúranse os datos da contabilidade como fonte de información para a toma de decisións.

Por outra banda, nun Capítulo independente estrutúrase e artéllase a Conta Xeral da Comunidade e a súa remisión ó Consello de Contas de Galicia.

No Título V regúlase o réxime de responsabilidades e as súas formas de determinación e esixencia ás autoridades e funcionarios encargados da xestión e control dos fondos públicos por accións ou omisións que lesionen os intereses da Facenda da Comunidade.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia.

Título preliminar

Principios xerais

Artigo 1

1. A actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia rexerase:

a) Pola presente Lei e polas demais leis especiais que, na materia, se dicten polo Parlamento

de Galicia, conforme ás previsións contidas no seu Estatuto de Autonomía.

b) Pola Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para cada anualidade e durante a súa vixencia.

c) Pola lexislación xeral do Estado sobre a materia, nos casos previstos expresamente no Estatuto de Autonomía e na presente Lei.

d) Polas normas regulamentarias que se dicten en desensolveamento da presente Lei.

2. Terán carácter supletorio as demais normas do Ordenamento xurídico administrativo e, no seu defecto, o Dereito Privado, respectando a prelación das normas do Dereito Civil Galego.

Artigo 2

A Facenda Pública da Comunidade Autónoma de Galicia está constituída polo conxunto de dereitos e obrigas de contido económico e financeiro que lle corresponden polo desempeño das competencias e facultades que teña atribuídas dentro do seu territorio.

Artigo 3

1. A actividade pública galega de carácter económico-financeiro estará sometida ó réxime presupostario e ós principios de contabilidade que se determinan na presente Lei.

2. Tódalas actividades públicas que dean lugar ó recoñecemento

de dereitos e obrigas de contido económico ou ó manexo de fondos públicos, deberán estar controladas e intervidas conforme ás normas desta Lei e sometidas ó réxime de rendemento de contas ó Consello de Contas de Galicia, sen prexuício das competencias que se recoñecen ó Tribunal de contas na súa Lei Orgánica e do disposto no artigo 136 e no apartado d) do artigo 153 da Constitución.

3. A Comunidade Autónoma de Galicia, a través das súas institucións e nos termos fixados pola Lei, poderá esixirlas indemnizacións económicas que sexan procedentes ós responsables da custodia e manexo dos fondos públicos polos prexuícios que puidesen ocasionar, con independencia das demais responsabilidades de carácter civil, penal ou disciplinario en que puidesen incurrir.

Artigo 4

Correspóndelle á Administración da Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) O cumprimento das obrigas económicas das institucións, órganos, organismos autónomos e empresas do sector público de Galicia, mediante a xestión e aplicación dos recursos de que dispoña para estas finalidades.

b) A promoción do axeitado funcionamento da súa xestión financeira en canto ó exercicio das competencias que a Comunidade ten atribuídas en materia de orde-

nación, fomento e planificación da actividade económica dentro do seu territorio.

c) O desenvolvemento das actividades inherentes ó exercicio que, en materia de tutela financeira sobre os entes locais, ten atribuída a Comunidade no artigo corenta e nove do Estatuto de Autonomía.

d) As funcións executivas en materia de ordenación e control das institucións de crédito corporativo público e territorial e Caixas de Aforro que operen no seu territorio, nos términos previstos no artigo trinta do Estatuto.

Artigo 5

A Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das competencias ás que se refire a presente Lei, gozará, en todo momento, das mesmas prerrogativas e de idéntico trato fiscal que a lei teña establecidos para o Estado.

Artigo 6

1. Para o exercicio da súa actividade económico-financeira, a Comunidade Autónoma de Galicia, no seo da súa propia Administración pública, poderá crear organismos autónomos que se clasificarán a efectos desta Lei en:

a) Organismos autónomos de carácter administrativo.

b) Organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogos.

2. Ós devanditos organismos seranlles de aplicación os preceptos desta Lei e os máis que se dicten sobre materias non reguladas na mesma, e gozarán das prerrogativas e beneficios fiscais que se establezan nas leis para as Administracións públicas de tal natureza.

Artigo 7

1. Son empresas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia ós efectos desta Lei:

a) As sociedades mercantís nas que, no seu capital, exista participación maioritaria de fondos públicos da Comunidade ou dos seus organismos autónomos.

b) As máis Entidades de dereito público, con personalidade xurídica propia, que por lei teñan de axeita-la súa actividade ó ordenamento xurídico privado.

2. As empresas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia rexeranse polas normas de Dereito Mercantil, Civil e Laboral, agás nas materias nas que lles sexa de aplicación a presente Lei.

3. A actividade das empresas públicas galegas coordinarase pola Administración da Facenda Pública da Comunidade, nos términos previstos nas leis.

Artigo 8

1. Nos convenios con outras Comunidades Autónomas, para a xestión e prestación de servizos da exclusiva competencia das mesmas, e nos acordos de coope-

ración que se subscriban a teor do disposto nos apartados un e dous do artigo 35 do Estatuto, deberán establecerse as cláusulas precisas para asegurar en todo momento a aplicación da presente Lei no caso de que se proceda a comprometer recursos da Facenda Galega para o desenvolvemento dos mesmos.

2. Nos casos que, conforme ó disposto no artigo 36 do Estatuto, se transfiran ou deleguen á Comunidade Autónoma facultades e competencias non asumidas no mesmo, que pola súa natureza dean orixe ó manexo e distribución de fondos públicos, serán de aplicación á xestión financeira dos devanditos fondos os preceptos da presente Lei, sen prexuício das formas de control que se reserve o Estado.

Artigo 9

Requirirán Lei do Parlamento de Galicia as seguintes materias de carácter económico e financeiro:

a) Os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma e as súas modificacións a través de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

b) O establecemento, modificación e supresión dos seus propios tributos e das exencións ou bonificacións que lles afecten.

c) O establecemento e a modificación e supresión dos recargos sobre os impostos do Estado.

d) A emisión e regulación de Débeda Pública da Comunidade e dos seus organismos autónomos.

e) As autorizacións para concertar outras operacións de crédito e para a prestación de avais.

f) As grandes operacións de carácter económico e financeiro.

g) A creación de organismos autónomos da Comunidade e a regulación do seu réxime xeral e especial nas materias económicas e financeiras.

h) A creación das empresas públicas galegas ás que se fai referencia no artigo sete da presente Lei, e os actos de adquisición ou perda da posición maioritaria da Comunidade Autónoma de Galicia ou das súas entidades Autónomas.

i) A delegación de facultades a favor das provincias, municipios e demais entidades locais recoñecidas no Estatuto de Autonomía.

l) Os convenios e os acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, previstos no artigo 35 do Estatuto.

ll) O réxime de contratos de concesións administrativas da Comunidade Autónoma de Galicia sobre as bases da lexislación do Estado.

m) A coordinación presupostaria das Deputacións provinciais de Galicia.

n) O réxime do Patrimonio da Comunidade Autónoma.

ñ) As máis materias de carácter análogo que, segundo as leis, se deban regular con este rango.

Título I

Da Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia

Capítulo I

Dos recursos

Artigo 10

A Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia está constituída por:

1.— Os rendementos dos impostos que estableza a Comunidade Autónoma.

2.— Os rendementos dos tributos cedidos polo Estado.

3.— Unha porcentaxe da participación na recadación total do Estado por impostos directos e indirectos, incluídos os monopolios fiscais.

4.— O rendemento das súas propias taxas por aproveitamentos especiais e pola prestación de servizos directos da Comunidade Autónoma, xa sexan de propia creación ou como consecuencia dos traspasos de servizos estatais, así como as exaccións parafiscais, que se puidesen acordar no seu caso.

5.— As contribucións especiais que estableza a Comunidade no exercicio das súas competencias.

6.— Os ingresos procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial.

7.— Os recargos sobre impostos estatais.

8.— Outras asignacións con cargo ós Presupostos Xerais do Estado.

9.— O produto da emisión de débeda e do recurso ó crédito.

10.— Os rendementos do patrimonio da Comunidade Autónoma.

11.— Os ingresos de dereito privado, legados e doacións; subvencións.

12.— As multas e sancións no ámbito da súa competencia.

13.— No seu caso, as participacións que se establezan polas leis nos ingresos por tributos do Estado para recupera-los custos sociais producidos por actividades contaminantes e xeradoras de riscos de especial gravidade para o entorno físico e humano de Galicia.

14.— Calquera outro recurso independentemente da súa natureza ou finalidade.⁽¹⁾

Artigo 11

Os ingresos e demais recursos da Comunidade Autónoma gale-

(1) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 10 foi modificado pola disposición adicional terceira da Lei 13/1991 e, de novo, pola disposición adicional oitava da Lei 15/1991.

ga, dos seus organismos autónomos e das súas empresas públicas estarán destinados a satisfacerlo conxunto das súas obrigas respectivas, agás que por unha Lei se estableza a súa afectación para fins determinados.

Artigo 12

1. A administración xeral dos recursos da Facenda galega corresponde á Consellería de Economía e Facenda cos controis que a Lei estableza.

2. Non obstante, os presidentes, directores ou órganos de administración das entidades autónomas e empresas públicas galegas dotadas de personalidade xurídica propia, terán ó seu cargo a administración dos recursos de que dispoñan para o cumprimento dos seus fins, séndolles de aplicación igualmente os controis que en cada caso se establezan nesta Lei.

3. As persoas ou entidades que teñan ó seu cargo a administración directa e inmediata dos recursos da Facenda galega dependerán, segundo a súa situación, da Consellería de Economía e Facenda, dos presidentes ou directores do correspondente organismo autónomo, ou dos órganos da administración das empresas públicas, en todo o relativo á súa xestión, así como no que toca ó rendemento de contas.

4. Estarán obrigados á prestación de fianza os funcionarios, entidades ou particulares que manexen

ou custodien fondos ou valores públicos, na cuantía e forma que determinen as disposicións regulamentarias.

Artigo 13

Os rendementos e os intereses que por calquera concepto produzan os bens patrimoniais e os fondos da Comunidade ou das súas entidades autónomas, serán integramente reflexados nunha rúbrica específica do presuposto de ingresos respectivo, quedando prohibida a súa adscrición ou a distribución dos mesmos para fins distintos dos que determina o artigo doce da presente Lei.

Artigo 14

1. A xestión, incluíndo tódalas fases de procedemento, dos tributos propios da Comunidade Autónoma, dos impostos cedidos e, no seu caso, dos recargos sobre impostos do Estado e dos impostos recadados en Galicia, axeitarase:

a) Ás disposicións do Estatuto de Autonomía.

b) Ás leis do Parlamento de Galicia.

c) Ós regulamentos que aprobe a Xunta, en desenvolvemento da presente Lei.

d) Ás normas de desenvolvemento que as leis ou regulamentos autoricen dictar ó Conselleiro de Economía e Facenda.

e) Á Lei Xeral Tributaria do Estado e Regulamentos dictados

no seu desenvolvemento, como dereito supletorio nos casos que sexa preceptiva a súa aplicación.

2. En todo caso, no referente ós tributos cedidos polo Estado, terase en conta o que dispoña a correspondente Lei de cesión.

3. Correspóndelle á Xunta, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, organiza-los servizos relativos á xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos, de acordo coas facultades da Comunidade Autónoma na materia.

Artigo 15

1. A xestión dos bens patrimoniais e os seus rendementos axéitarase ó disposto nas Leis do Parlamento de Galicia aplicables en cada caso.

2. A determinación da titularidade e administración das participacións da Comunidade Autónoma e as dos seus Organismos nas empresas públicas galegas, as aportacións e institucións, fundacións e asociacións, o réxime de reintegros dos gastos públicos e a aplicación dos remanentes da Tesourería resultantes da liquidación dos seus presupostos regularanse polas leis e regulamentos que sexan de aplicación en cada caso, sen prexuício do establecido nesta Lei.

Artigo 16

1. Non poderán ser alleados, gravados, nin arrendados os dereitos da Facenda da Comunidade

Autónoma, agás nos supostos previstos polas leis.

2. Tampouco se concederán exencións, condaoacións, rebaixas nin moratorias no pagamento dos dereitos en prol da Facenda galega, agás nos casos e na forma que se determine nas leis.

Artigo 17

1. Para realiza-la cobranza dos tributos e os máis recursos de dereito público, a administración da Facenda galega ostentará as prerrogativas legalmente establecidas e actuará conforme ós procedementos administrativos que en cada caso corresponda aplicar, podendo esixir en todo momento as mesmas garantías de que gozan as demais Administracións públicas.

2. As certificacións acreditativas do descuberto ante a Facenda da Comunidade dos tributos e demais ingresos de dereito público, expedidas polos funcionarios competentes segundo os Regulamentos, serán títulos suficientes para iniciarla vía de apremio e terán a mesma forza executiva cá sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos debedores.

3.

a) En ningún caso se poderán suspender-los procedementos administrativos de apremio por virtude de recursos interpostos polos interesados, se non se realiza o pagamento do débito, se consigna o seu importe ou se garantiza este na forma regulamentariamente establecida.

b) Se contra os devanditos procedementos se opuxesen reclamacións en concepto de tercería ou por outra acción de carácter civil por persoa que non teña ningunha responsabilidade coa Facenda Pública en virtude de obrigas ou xestión propia ou transmitida, suspenderanse os devanditos procedementos só na parte que se refira ós bens ou dereitos controvertidos, unha vez que se levasen a efecto o seu embargo e anotación preventiva, no seu caso, no Rexistro público correspondente.

c) Cando as reclamacións formuladas en vía administrativa fosen denegadas, proseguirá o procedemento de apremio, a non ser que da execución poidan derivarse prexuícios de imposible ou difícil reparación; en tal caso, a Administración Pública poderá acordala suspensión daquel, sempre que se adopten as medidas regulamentarias de aseguramento dos respectivos créditos.

d) Así mesmo poderá suspenderse o procedemento de apremio sen os requisitos establecidos no número un deste artigo, se o interesado demostra que existiu no seu prexuício erro material ou aritmético na determinación da débeda tributaria que lle esixa.

Artigo 18

1. As cantidades debidas á Facenda da Comunidade polos conceptos contemplados neste

capítulo devengarán intereses de demora desde o día seguinte ó do seu vencemento.

2. O tipo de interés aplicable será o básico establecido polo Banco de España que estea vixente o día do vencemento da débeda correspondente.

Artigo 19

1. Non se poderá transixir sobre os dereitos da Facenda da Comunidade, nin someter a arbitraje as contendas que se susciten respecto dos mesmos, senón mediante Decreto acordado pola Xunta de Galicia.

2. Os actos e contratos realizados en prexuício da Facenda da Comunidade por persoas non públicas que resulten debedores da mesma serán rescindibles conforme ás disposicións de Dereito privado que sexan de aplicación.

3. A efectividade dos dereitos da Facenda da Comunidade non contemplados no párrafo primeiro do artigo dezaoiro esixirase de acordo coas normas e procedementos aplicables en cada caso.

Artigo 20

1. Agás o establecido polas leis reguladoras dos diferentes recursos, prescribirá ós cinco anos o dereito da Facenda da Comunidade Autónoma:

a) A recoñecer ou liquidar créditos ó seu favor, computándose o

devandito prazo desde o día en que o dereito puido exercitarse.

b) Á cobranza dos créditos recoñecidos ou liquidados, a contar desde a data da súa notificación ou desde o seu vencemento.

2. A prescrición en curso quedará interrompida:

a) Pola interposición de reclamacións ou recursos de calquera clase.

b) Se o debedor recoñecese fidedignamente a débeda.

c) Se a Administración, polos seus órganos competentes, esixise directamente o seu pagamento por escrito ou mediante comunicación oficial.

3. Os dereitos declarados prescritos serán dados de baixa nas contas, previa a tramitación do oportuno expediente no que, no seu caso, se declararán as responsabilidades a que houber lugar.

Capítulo II

Das obrigas

Artigo 21

1. As obrigas económicas da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos e feitos que, conforme a Dereito, as xeren.

2. O pagamento das obrigas só será esixible á Facenda da Comu-

nidade na medida que resulte da execución dos seus Presupostos, de sentencia xudicial firme ou de operacións de Tesourería legalmente autorizadas.

3. Cando as obrigas económicas teñan por causa prestacións ou servicios a favor da Administración da Comunidade, o pagamento non se poderá realizar mentres o acreedor non cumprise ou garantizase, conforme á Lei, a súa obriga correlativa.

Artigo 22

1. Os Tribunais, Xuíces e Autoridades administrativas non poderán despachar mandamentos de execución, nin providencias de embargo contra os dereitos, fondos, valores e bens da Facenda da Comunidade.

2. O cumprimento das resolucións xudiciais que determinen obrigas a cargo da Comunidade ou dos organismos autónomos de Galicia corresponderá á Autoridade administrativa que sexa competente, a cal acordará o pagamento na forma e límites autorizados. Se non existise crédito no Presuposto ou for insuficiente o disponible, solicitarase do Parlamento a concesión dun crédito extraordinario ou dun suplemento de crédito dentro dos tres meses seguintes á notificación da resolución.

Artigo 23

Se o pagamento das obrigas da Comunidade non se fixese efectivo

no prazo dos tres meses seguintes á notificación da resolución xudicial ou ó recoñecemento da propia obriga, o acredor terá dereito ó abono dos correspondentes intereses de demora sobre a cantidade debida e ó tipo básico establecido polo Banco de España, desde o momento en que reclame por escrito o cumprimento da obriga.

Artigo 24

1. Agás o establecido en leis especiais, prescribirán ós cinco anos:

a) O dereito ó recoñecemento ou liquidación de toda obriga, computándose o prazo desde o momento en que esta sexa esixible conforme a Dereito.

b) O dereito de esixir-lo pagamento das obrigas recoñecidas ou liquidadas. O prazo contarase desde a data de notificación do recoñecemento ou liquidación da respectiva obriga.

2. A petición formal do cumprimento da obriga ou da efectividade do seu pagamento, por parte dos acredores lexítimos ou dos que se sub-roguen nos seus dereitos, mediante a presentación dos documentos xustificativos do seu dereito interromperá a prescrición, segundo o disposto no Código Civil, agás o establecido nas leis especiais.

3. As obrigas que prescribisen serán dadas de baixa nas contas respectivas, previa tramitación do oportuno expediente.

Capítulo III

Das operacións de endebedamento

Artigo 25

As operacións de endebedamento que poden ser realizadas pola Comunidade Autónoma, adoptarán, segundo corresponda, unha das seguintes modalidades:

a) Operacións de crédito en forma de préstamos debidamente documentados, concertadas con persoas físicas ou xurídicas e suscritos polo Conselleiro de Economía e Facenda da Xunta ou autoridade na que delegue.

b) Emisión de empréstitos, mediante calquera tipo de apelación ó crédito público ou en forma de títulos-valores, que sexan representativos da Débeda pública da Comunidade, cun prazo de reembolso superior a dezaioito meses.

c) Emisión de débeda da Tesourería.

Artigo 26

1. As operacións de crédito que a Comunidade Autónoma realice con persoas físicas ou xurídicas por un prazo de reembolso igual ou inferior a un ano, terán por obxecto atender necesidades transitorias de Tesourería.

Na Lei de Presupostos autorízase o límite máximo destas operacións para cada exercicio.

2. En todo caso, a partir do momento en que o monto total

anual destas operacións transitórias exceda do cinco por cento do Estado de Gastos dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, deberase dar conta periodicamente ó Parlamento da evolución das mesmas.

Artigo 27

1. As operacións de crédito que a Comunidade Autónoma concerte con persoas físicas ou xurídicas por prazo de reembolso superior a un ano deberán cumprilo seguintes requisitos:

a) O importe total do crédito será destinado exclusivamente a financiar gastos de inversión.

b) A cuantía das anualidades de amortización, incluíndo capital e intereses, non poderá exceder do 25% dos ingresos correntes previstos nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, de cada ano.

2. O importe e a finalidade das operacións de crédito requirirán ser autorizados por Lei do Parlamento.

Artigo 28

1. A creación e, no seu caso, a conversión da Débeda Pública da Comunidade, así como calquera outra apelación ó crédito público precisarán a aprobación por lei do Parlamento de Galicia e a autorización do Estado.

2. O Parlamento de Galicia fixará o importe destes emprésti-

tos, as súas características e o destino para cubri-los gastos dos programas ou proxectos de inversión que se determinen. Se a Lei de creación non fixase o tipo de interés, este será establecido pola Xunta de Galicia.

3. A Xunta de Galicia, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, poderá acorda-la conversión da débeda pública da Comunidade para conseguir unha mellor administración, dando conta ó Parlamento e sempre que non se altere ningunha das condicións esenciais das emisións, nin se perxudiquen os dereitos económicos dos posuidores.

4. A Débeda pública da Comunidade gozará dos mesmos beneficios cá Débeda pública do Estado, e suxeitarase ás máis normas que lle sexan de aplicación, conforme ó previsto nas leis.

Artigo 29

A emisión de débeda da Tesourería, cun prazo de reembolso igual ou inferior a un ano, rexerese polas normas do artigo vinteseite.

Artigo 30

1. Os organismos autónomos da Comunidade poderán facer uso das modalidades de endebedamento que se fixan nos apartados a) e b) do artigo vinteseis.

2. Na Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma e nas demais que, no seu caso, aprobe o Parlamento de Galicia, fixarase o

importe das operacións, as súas características e o seu destino.

Artigo 31

1. As operacións de endebedamento que se concerten pola Comunidade ou os seus organismos autónomos con persoas ou entidades residentes no extranxeiro precisarán a autorización do Estado.

2. O produto que se obteña das operacións de endebedamento de calquera clase ingresarase, en todo caso, na Tesourería da Comunidade Autónoma e aplicarase na súa total cuantía ó Presuposto da propia Comunidade ou do organismo autónomo correspondente e, no seu caso, á financiación da empresa pública a que se destinen.

Título II

Dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma

Capítulo I

Contido e aprobación

Artigo 32

1. Os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, se poderán recoñecer e os dereitos que se prevezan liquidar por parte da Comunidade e os seus organis-

mos autónomos de carácter administrativo durante o exercicio, así como dos fluxos autorizados ou estimados que, en igual período, poidan xerar variacións na composición ou no mesmo patrimonio dos organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo e das empresas públicas.

2. Os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma presentaranse e aprobaranse equilibrados, sen que a suma do estado de gastos poida supera-lo importe dos recursos previstos no estado de ingresos.

Artigo 33

O exercicio presupostario coincidirá co ano natural e a el serán imputados:

a) Os dereitos liquidados no transcurso do mesmo, calquera que sexa a data do seu vencemento.

b) As obrigas recoñecidas ata o trinta e un de xaneiro do seguinte ano, como consecuencia de adquisicións, obras, servicios, préstamos ou outro tipo de gastos, realizados con cargo ós créditos respectivos antes da conclusión do ano natural correspondente.

Artigo 34

Os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma estarán integrados polos Presupostos da propia Comunidade, dos seus organismos autónomos e das súas empresas públicas, e conterán:

a) Os estados de gastos da Comunidade e dos seus organismos autónomos de carácter administrativo, coa debida especificación dos créditos necesarios para dar cumprimento ás súas obrigas de carácter económico.

b) Os estados de ingresos da Comunidade e dos seus organismos autónomos de carácter administrativo comprensivos das estimacións dos dereitos económicos a recoñecer e liquidar durante o exercicio presupostario.

c) Os estados de recursos coas correspondentes estimacións para a cobertura financeira tanto dos gastos de explotación, coma dos de capital, dos organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo e das empresas públicas galegas.

d) Os estados de dotación, con avaliación das necesidades para o desenvolvemento das actividades de explotación e das operacións de capital dos organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo e das empresas públicas galegas.

Artigo 35

1. Os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma axeitaranse, en canto á súa estrutura, ó establecido con carácter xeral para o sector público estatal, sen prexuício da necesaria adecuación ás súas propias peculiaridades e á organización dos seus servicios.

2. Correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda:

a) A fixación con carácter xeral das estruturas presupostarias básicas correspondentes á Comunidade Autónoma, ós seus organismos autónomos e ás súas empresas públicas.

b) O desenvolvemento e adaptación das estruturas presupostarias básicas ás necesidades de xestión de cada un dos organismos autónomos e das empresas públicas, a proposta das Consellerías ás que estean adscritos.

3. Os sistemas de obxectivos e finalidades que sirvan de marco á xestión presupostaria, fixaraos cada Consellería, organismo autónomo e empresa pública e, en base a eles e de acordo coa Consellería de Economía e Facenda, defíniranse as estruturas dos correspondentes programas.

Artigo 36

O procedemento para a elaboración dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma axustarase ás seguintes normas:

1.— O Parlamento de Galicia elaborará o seu proxecto de Presuposto e remitirao antes do primeiro de agosto á Consellería de Economía e Facenda.

2.— Os órganos superiores da Comunidade Autónoma e as Consellerías remitirán á citada Consellería no mesmo prazo os anteprojectos dos seus respectivos

estados de gastos, debidamente documentados e axustados ás leis que lles sexan de aplicación e ás directrices que emanen da Xunta.

3.— No mesmo prazo, cada unha das Consellerías entregará os anteproxectos dos estados de gastos e ingresos e de recursos e dotacións, segundo corresponda, de tódolos organismos autónomos e empresas públicas adscritas á súa área de xestión, formando un só anteproxecto de presupostos para cada organismo ou empresa, que deberá presentarse coas mesmas formalidades previstas no párrafo anterior.

4.— O anteproxecto do estado de ingresos que recolla a estimación das fontes xerais de financiación da Comunidade Autónoma será elaborado pola Consellería de Economía e Facenda.

5.— Considerando o proxecto e os anteproxectos referidos e as estimacións dos ingresos, e tendo en conta a previsible actividade económica no exercicio presupostario seguinte, a Consellería de Economía e Facenda, formulará o Proxecto de Lei dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma e someterao ó acordo da Xunta.

6.— O Proxecto de Lei dos Presupostos Xerais e da Comunidade Autónoma irá acompañado da seguinte documentación:

a) A conta consolidada dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

b) Unha memoria explicativa das finalidades e criterios presupostarios.

c) Unha memoria económica sobre a actividade de cada unha das empresas públicas no ano anterior e da súa proxección no exercicio, conforme ó previsto no apartado catro do artigo sesenta desta Lei.

d) A liquidación dos presupostos do ano anterior e un avance da situación na que se encontre a execución dos actuais.

e) Un informe económico e financeiro.

f) A clasificación por programas dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma e a distribución territorial dos gastos de inversións.

Artigo 37

O Proxecto de Lei dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, acompañado da documentación complementaria, remitirase ó Parlamento de Galicia antes do día 31 de outubro de cada ano para o seu exame, emenda e aprobación, se for procedente.

Artigo 38

A Xunta remitirá igualmente ó Parlamento de Galicia os Presupostos das Deputacións Provinciais existentes no seu territorio, ós efectos previstos na Disposición Adicional terceira do Estatuto.

Artigo 39

1. Se a Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma

non se aprobase polo Parlamento de Galicia antes do primeiro día do exercicio económico no que haxa de aplicarse, consideraranse automaticamente prorrogados os do exercicio inmediato anterior ata a aprobación e publicación daquela no *Diario Oficial de Galicia*.

2. A indicada prórroga non afectará ós créditos para cobertura de obrigas e gastos correspondentes ós servizos ou programas que deban quedar ultimados ó rematalo exercicio, os presupostos dos cales sexan prorrogados.

Artigo 40

1. Os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas aplicaranse ós Presupostos polo seu importe íntegro, quedando prohibido atender ás obrigas mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, non sendo por autorización expresa da Lei.

2. Exceptúanse do disposto no párrafo anterior as devolucións de ingresos indebidos que se declaren como tales por Tribunal ou Autoridade competente.

3. Ós efectos desta Lei, entenderase por importe íntegro o que resulte despois de aplicar os beneficios tributarios que sexan procedentes, os cales serán obxecto de contabilización independente.

4. O importe dos beneficios fiscais que afecten ós tributos propios da Comunidade Autónoma articularase e detallarase de forma que sexa posible a súa consigna-

ción no presuposto da Comunidade Autónoma.

Capítulo II

Dos créditos e as súas modificacións

Artigo 41

A estrutura dos presupostos da Comunidade e dos seus organismos autónomos determinarase de acordo coas regras seguintes:

a) Os estados de gastos confeccionaranse aplicando as clasificacións orgánica, funcional e económica, por programas e territorial.

b) Os estados de gastos e de ingresos presentaranse coa debida separación de créditos e estimacións por operacións non financeiras e financeiras, con distinción verbo das últimas das variacións dos activos e dos pasivos financeiros.

c) Os créditos destinados a operacións non financeiras aparecerán clasificados segundo o seu destino nos grupos de gastos correntes e de capital, con inclusión nestes últimos unicamente dos destinados a inversión e a transferencias de capital.⁽²⁾

Artigo 42

1. Os créditos consignados nos estados de gastos destinaranse

(2) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 41 foi modificado polo artigo 5 da Lei 13/1988.

exclusivamente ás finalidades específicas para as que están autorizados pola Lei.

2. Tales créditos teñen un carácter limitativo e, por tanto, non se poderán adquirir compromisos de gastos por cuantía superior ós seus importes, sendo nulos de pleno dereito os actos e as disposicións xerais con rango inferior á Lei que infrinxan a expresada norma, sen prexuício das responsabilidades a que houbese lugar.⁽³⁾

Artigo 43

1. A pesar do disposto no artigo anterior terán excepcionalmente a condición de créditos ampliables no propio exercicio, na forma que regulamentariamente se determine:

a) Aqueles que se especifiquen de maneira singular na Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

b) Os destinados a cubri-las obrigas de clases pasivas.

c) Os que se destinen a cubri-los gastos dos servicios traspasados pola Administración do Estado, ata os límites fixados nos acordos de valoración aprobados polo Consello de Ministros, debendo dirixirse as estimacións aprobadas establecidas nos estados de gastos, en función das transferencias de

fondo que se haxan de recibir do Tesouro Público en cumprimento de tales acordos.

Das ampliacións a que fai referencia o apartado c) darase conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento.

Artigo 44

1. O disposto no artigo 43 non impedirá a adquisición de compromisos para a realización de gastos en varias anualidades sempre que se inicie no propio exercicio a obriga de cumprilas contra-prestacións que teñan a súa orixe en:

a) A adquisición de activos fixos e a realización de inversións reais, mesmo cando se financien con transferencias que dean orixe a un incremento do capital público.

b) Os contratos de suministro, de asistencia técnica e científica, de investigación e de arrendamento de equipos, que non poidan ser estipulados ou resulten gravosos polo prazo dun ano.

c) Os contratos de arrendamento de inmobles necesarios para a prestación dos servicios por parte das institucións e órganos da Comunidade e dos seus organismos autónomos.

d) As cargas que se deriven das operacións de endebedamento.

2. A autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase ós créditos que para cada exercicio se consignen nos

(3) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 42 foi modificado polo artigo 5 da Lei 13/1988.

Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma e serán obxecto de contabilización independente.

3. O número de exercicios a que poidan aplicarse os gastos mencionados no párrafo a) e b) do apartado 1 deste artigo non poderá ser superior a catro. Corresponde á Xunta, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, previa petición da Consellería correspondente:

a) A fixación dos límites de gastos correspondente a cada anualidade.

b) A ampliación do número de anualidades en supostos especialmente xustificadas pola natureza da prestación.⁽⁴⁾

Artigo 45

1. Con cargo ós créditos consignados nos estados de gastos do presuposto, soamente se poderán contrae-las obrigas derivadas das prestacións que se realizasen no ano natural correspondente ó exercicio presupostario de que se trate.

2. Sen embargo, imputaranse ós créditos do presuposto vixente no momento da expedición das ordes de pagamento, as seguintes obrigas:

a) As que resulten do recoñecemento e liquidación de atrasos a favor do persoal ó servizo da

Comunidade ou das súas entidades autónomas.

b) As que, derivadas legalmente de prestacións realizadas en exercicios anteriores, fosen recoñecidas durante o correspondente período para seren imputadas a créditos que, de acordo con esta lei, teñan a condición de ampliables e que non puidesen ser amparadas financeiramente a efectos do seu cumprimento.⁽⁵⁾

Artigo 46

1. Os créditos destinados á cobertura de gastos, que no último día do período de ampliación a que se refire o apartado b) do artigo trinta e catro desta Lei, non estean afectados ó cumprimento de obrigas xa recoñecidas e esixibles, quedarán anulados, sen máis trámite, de pleno dereito.

2. Non obstante, quedarán incorporados ós estados dos presupostos de gastos do exercicio inmediato seguinte:

a) Os créditos extraordinarios e suplementos de créditos, así como as transferencias de créditos, que se concedesen ou autorizasen, respectivamente, no último trimestre do exercicio presupostario.

b) Os créditos destinados a amparar compromisos de gastos que, en orde á súa natureza, non se puidesen materializar antes do

(4) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 44 foi modificado polo artigo 5 da Lei 13/1988.

(5) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 45 foi modificado polo artigo 5 da Lei 13/1988.

último día do exercicio económico por causas xustificadas, alleas á propia administración, sempre que fosen contraídos antes do último mes do devandito exercicio.

c) Os créditos destinados a operacións de capital.

d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados á cobertura financeira daqueles.

e) Os créditos xerados polas operacións que se enumeren no artigo cincuenta e dous desta Lei.

3. Os créditos incorporados, de acordo co previsto nos párrafos a) e b) do apartado anterior, só poderán ser destinados dentro do exercicio en que se produza a incorporación e para os mesmos gastos específicos que motivaron a súa concesión, autorización ou compromiso. Nos demais supostos, o destino económico dos créditos incorporados deberá corresponder polo menos coa natureza xenérica dos compromisos de gastos a que estivesen destinados.

4. Das incorporacións a que se refire o apartado 2 darase conta ó Parlamento.⁽⁶⁾

Artigo 47

1. Cando se deba realizar algún gasto con cargo ós Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma,

que non se poida demorar ata o exercicio seguinte e non exista crédito consignado nos seus estados de gastos ou o aprobado sexa insuficiente e non ampliable, o Conselleiro de Economía e Facenda, previo o asesoramento dos servizos ó seu cargo, someterá ó acordo da Xunta, para a súa remisión ó Parlamento, un proxecto de lei de concesión dun crédito extraordinario, no primeiro suposto, ou dun suplemento de crédito, no segundo, no que necesariamente se incluírá a proposta dos recursos que haxan de financialo maior gasto que por estas causas se xere e o concepto ou partida presupostaria á que especificamente haberá de se imputalo crédito.

2. Non obstante, se a necesidade de consignación de crédito nas condicións descritas no apartado anterior se produce nun organismo autónomo da Comunidade de Galicia e a concesión do crédito extraordinario ou suplemento de crédito non supón un aumento nos créditos dos Presupostos Xerais da Comunidade, observaranse as seguintes normas:

a) A concesión dun ou doutro será facultade do Conselleiro de Economía e Facenda ata o momento en que o importe destas operacións non exceda do cinco por cento do presuposto de gastos do organismo autónomo correspondente, e corresponderá á Xunta de Galicia no caso de que, rebasando a devandita porcentaxe, non se supere o dez por cento dos cré-

(6) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 46 foi modificado polo artigo 5 da Lei 13/1988.

ditos consignados no estado de gastos do propio organismo.

b) A efectos de determina-la posibilidade do exercicio destas facultades na maneira exposta, deberase calcula-las porcentaxes en forma acumulativa, agregando os importes de ámbolos dous tipos de operacións ó longo do exercicio económico.

c) O expediente de modificación presupostaria informarse pola Consellería á que estea adscrito o organismo autónomo que o promova, xustificando a necesidade e urxencia do gasto e propoñendo os medios e recursos con que se ha de financia-lo crédito.

d) A Xunta de Galicia dará conta trimestralmente ó Parlamento de Galicia dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito outorgados na forma prevista neste apartado, coas especificacións que regulamentariamente se establezan.

Artigo 48

1. A Xunta de Galicia, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, poderá excepcionalmente conceder anticipos de tesourería para satisfacer pagamentos inaprazables, ata un límite máximo do dous por cento dos créditos consignados no presuposto de que se trate, nos seguintes casos:

a) Cando unha vez iniciada a tramitación do expediente de concesión do crédito extraordinario

ou suplemento de crédito, se emítise informe favorable da Consellería de Economía e Facenda.

b) Cando se promulgue unha lei, ou se notificase unha resolución xudicial, na que se establezan obrigas para o cumprimento das cales sexa precisa a concesión dun crédito extraordinario ou dun suplemento de crédito.

2. De non aproba-la lei de concesión do crédito extraordinario ou do suplemento do crédito o Parlamento de Galicia, o importe do anticipo de tesourería será cancelado con cargo ós créditos para gastos da respectiva Institución, Consellería ou organismo autónomo, minorando os conceptos e partidas que ocasionen un menor trastorno no servicio público.

Artigo 49

A Xunta de Galicia, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, estará facultada para acordar transferencias dos créditos globais destinados a operacións de capital ós específicos da mesma natureza económica. A estes efectos, deberase indicar na lei dos Presupostos Xerais, ou na que no seu caso corresponda, e nos estados de gastos dos presupostos, os conceptos de créditos globais ós que poderá ser de aplicación esta norma.⁽⁷⁾

(7) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 49 foi modificado polo artigo 5 da Lei 13/1988.

Artigo 50

1. O Conselleiro de Economía e Facenda, a proposta das respectivas Consellerías, poderá acordar transferencias de crédito, dentro de cada Sección, coas seguintes limitacións:

a) Non afectarán ás partidas de crédito para gastos de persoal, nin ás que teñan a natureza de ampliables, nin ás dotadas con créditos extraordinarios ou suplementos de crédito concedidos durante o exercicio.

b) Non minorarán os créditos destinados a subvencións nominativas, nin os que se incrementasen mediante transferencias de crédito no exercicio.

c) Non provocarán aumentos nos créditos que fosen minorados como consecuencia doutras transferencias de crédito no propio exercicio económico.

d) Non se poderán realizar con cargo a créditos para operacións de capital co fin de financiar operacións correntes, excepto no suposto de que se destinen a dotar os gastos de entrada en funcionamento de novas inversións.

e) Non se poderán realizar con cargo ós créditos incorporados procedentes de exercicios anteriores, destinados a gastos especificamente determinados no propio expediente de incorporación.

2. Así mesmo poderá acordar as oportunas retencións de crédito

presupostarios a favor dos servizos que teñan ó seu cargo a xestión unificada de obras, adquisicións ou suministros para toda a administración da Comunidade.⁽⁸⁾

Artigo 51

Os Conselleiros e os presidentes ou directores dos organismos autónomos da Comunidade poderán redistribuí-los créditos entre as diferentes partidas dentro dun mesmo concepto presupostario, poñéndoo en coñecemento da Consellería de Economía e Facenda, á que, en todo caso, corresponderá a aprobación cando se trate de conceptos de persoal.⁽⁹⁾

Artigo 52

1. Poderán xerar créditos dentro dos estados de gastos dos presupostos da Comunidade e dos seus organismos autónomos os ingresos efectivos e dereitos liquidados derivados das seguintes operacións:

a) Aportacións de persoas físicas ou xurídicas para financiar conxuntamente gastos que, pola súa natureza, estean comprendidos dentro dos obxectivos ou finalidades ás que dediquen a súa actividade.

b) Alleación de bens da Comunidade e dos seus organismos autónomos.

(8) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 50 foi modificado polo artigo 5 da Lei 13/1988.

(9) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 51 foi modificado polo artigo 5 da Lei 13/1988.

c) Prestación de servicios.

d) Reembolso de préstamos destinados a atencións sociais e á promoción e fomento da actividade económica e cultural de Galicia.

e) Enbedamento exterior para financiar inversións públicas.

2. Nos casos nos que non estea determinado polas leis ou convenios o destino específico dos recursos enumerados no apartado anterior, só se poderán destinar a cubri-la financiación xeral dos gastos públicos dentro dos límites autorizados por cada Lei de Presupostos.

Artigo 53

Os ingresos producidos como consecuencia do reintegro de pagamentos indebidos realizados con cargo ós créditos presupostarios, poderán ocasiona-la reposición destes últimos nas condicións que se establezan regulamentariamente.

Capítulo III

Execución e liquidación dos Presupostos

Artigo 54

A xestión económica e financeira dos créditos desenvolverase regulamentariamente e concretarase sucesivamente nas seguintes fases:

1.— A autorización do gasto, que é o acto en virtude do cal a

autoridade competente acorda a realización dun gasto, calculado en forma certa ou aproximada reservando a tal fin a totalidade ou unha parte do crédito presupostario legalmente destinado a garantir-lo cumprimento das obrigas que poidan ser consecuencia daquel, habida conta da natureza económica das mesmas.

2.— A disposición, que é o acto en virtude do cal acorda, concreta ou determina, segundo os casos, despois de cumprirlos trámites que con arreglo a dereito procedan, a cuantía concreta que debe acadalo compromiso económico para a realización de todo tipo de prestacións. Cos actos de disposición queda formalizada a reserva do crédito por un importe e condicións exactamente determinadas.

3.— O recoñecemento da obriga, que é a operación de contraer en contas os créditos esixibles contra a Comunidade de Galicia, que deban acreditarse como contraprestación económica derivada dos acordos, concertos ou normas resolutorias que determinen a disposición dun crédito, unha vez realizada e xustificada adecuadamente a correspondente prestación e efectuada a pertinente liquidación.

4.— A ordenación do pagamento, que é a operación en virtude da cal o ordenador competente expide, considera a existencia dunha obriga recoñecida e concreta a orde de pagamento contra a

Tesourería da Comunidade a favor do respectivo acredor.

Artigo 55

1. Correspóndelles ós órganos superiores da Comunidade Autónoma e ós Conselleiros, dentro dos límites fixados no artigo corenta e tres desta Lei, autorizarlos gastos propios dos servicios ó seu cargo, agás nos casos reservados polas leis á competencia da Xunta de Galicia, así como aprobarlos actos de disposición dos créditos e recoñecementos das obrigas, e solicitar do Conselleiro de Economía e Facenda, a ordenación dos pagamentos correspondentes.

2. Coa mesma reserva legal, correspóndelles ós presidentes ou directores dos organismos autónomos e das empresas públicas galegas a autorización e disposición de créditos e dotacións, o recoñecemento das obrigas e a ordenación dos pagamentos relativos á actividade económica e financeira desenvolta por aquelas.

3. As facultades a que se fai referencia nos números anteriores poderán ser obxecto de delegación nos términos que regulamentariamente se establezan.

Artigo 56

1. A ordenación xeral de pagamentos da Comunidade correspóndelle ó Conselleiro de Economía e Facenda, facultade que poderá delegar na forma exposta no artigo anterior.

2. Sen embargo, con obxecto de facilita-lo servicio de ordenación de pagamentos, poderanse habilitarlas ordenacións secundarias de pagamentos que se consideren necesarias, baixo a dependencia do Conselleiro de Economía e Facenda ou do titular do órgano en que delegue regulamentariamente as súas facultades nesta materia.

Artigo 57

A expedición das ordes de pagamento a cargo dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma deberá axustarse ó plan que, sobre a disposición de fondos da Tesourería, estableza anualmente a Xunta de Galicia, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda.

Artigo 58

1. As ordes de pagamento irán acompañadas dos documentos que acrediten a realización da prestación ou o dereito do acredor, conforme ós actos a través dos que no seu día se autorizaron e se comprometeron os gastos.

2. As ordes de pagamento que no momento da súa expedición non poidan ir acompañadas dos documentos xustificativos que se determinan no apartado anterior, terán o carácter de «a xustificar», sen prexuício da súa aplicación inmediata ós correspondentes créditos presupostarios e da súa posterior xustificación na forma que regulamentariamente se determine, no prazo de tres meses a partir

da data da súa expedición, quedando os perceptores suxeitos ó réxime de responsabilidades que se establecen na presente lei respecto da aplicación dos fondos recibidos.

3. O mesmo réxime que se determina no párrafo anterior será aplicado ás ordes de pagamento libradas para facer efectivas subvencións a favor de Entidades públicas ou privadas, empresas ou persoas naturais ou xurídicas.

4. No curso do mes seguinte á aportación dos documentos xustificativos a que se fai referencia nos apartados dous e tres levarase a cabo a aprobación ou reparo da conta pola autoridade competente.

Artigo 59

1. O presuposto de cada exercicio liquidarase en canto á recadación dos dereitos liquidados e ó pagamento das obrigas recoñecidas o día 30 de abril inmediato seguinte, quedando afectados á Tesourería da Comunidade Autónoma tanto os ingresos coma os pagamentos pendentes de realización segundo as respectivas contraccións de dereitos e obrigas.

2. Non obstante, aplicaranse ó exercicio corrente os ingresos procedentes de dereitos liquidados que non sexan esixibles no momento do peche do exercicio presupostario en virtude de aprazamento, fraccionamentos e moratorias legalmente concedidos, así como os que se atopen dentro do

prazo legal para realiza-lo ingreso en período voluntario. Neste suposto, deberase proceder a dar de baixa os indicados dereitos nas contas xustificativas da xestión de recursos imputables ó exercicio que se cerra, antes da súa inclusión nas contas do exercicio seguinte.

3. As distintas operacións da Tesourería da Comunidade Autónoma aplicaranse e contabilizaranse por anos naturais, calquera que sexa a data de contracción dos respectivos dereitos e obrigas.

4. Os ingresos que se realicen unha vez cerrado o exercicio presupostario respectivo quedarán desafectados do destino específico que, no seu caso, lles corresponde, sen prexuício do seu recoñecemento e nova afectación con cargo ó presuposto do exercicio en curso, nos supostos que regulamentariamente se determinen.

Capítulo IV

Normas aplicables ós organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo e ás empresas públicas⁽¹⁰⁾

Artigo 60

1. A actividade económica e financeira dos organismos a que se

(10) Reprodúcese a versión orixinaría. O capítulo IV do título II foi modificado pola disposición adicional décimo primeira da Lei 2/1990.

refire o presente capítulo quedará reflexada nun presuposto de explotación e capital, que conterà os seguintes estados:

a) Un estado de recursos, coas correspondentes estimacións para o exercicio.

b) Un estado de dotacións coa avaliación das necesidades para o desenvolvemento das súas actividades no exercicio.

2. As citadas dotacións clasifícanse nas seguintes categorías, conforme ás súas finalidades:

a) Estimativas, as que recollan as variacións dos activos e pasivos e as existencias de almacén.

b) Ampliables, as que veñan determinadas en función dos recursos efectivamente xerados pola actividade productiva da que se trate.

c) Limitativas, as destinadas a remuneracións do persoal ó servizo dos organismos autónomos, agás o especialmente disposto na súa lei de creación, así como á concesión de subvencións correntes e á cobertura de gastos de capital.

3. Malia o disposto no apartado 2.c) anterior, a Xunta de Galicia, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, previo informe do Conselleiro, á area de xestión do que se atope vencellada o organismo autónomo, poderá declarar ampliables as dotacións limitativas cando estea previamente esta-

blecido que se haxa de fixar en función dos ingresos realizados e se destinen á concesión de subvencións correntes.

4. Ós presupostos de explotación e capital a que se refire este artigo, unirase unha memoria expresiva, tanto da tarefa realizada coma dos obxectivos a acadar no exercicio, así como unha avaliación económica dos proxectos de inversión que se teñan que iniciar durante o seu curso.⁽¹¹⁾

Artigo 61

1. O exercicio presupostario coincidirá co ano natural, sen prexuício dos axustes necesarios cando as operacións a efectuar polo organismo ou empresa pública estean vencelladas a un ciclo productivo diferente, que non poderá ser superior a doce meses.

2. Ós organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo, e, no seu caso, ás empresas públicas, seralles de aplicación como normas para a xestión das dotacións de carácter limitativo as recollidas nos capítulos dous e tres deste título que fan referencia ó réxime dos créditos e execución e liquidación dos Presupostos, debendo suxeitarse as que teñan a consideración de ampliables ó réxime establecido para cada organismo,

(11) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 60 foi modificado pola disposición adicional décimo primeira da Lei 2/1990.

tendo en conta en todo momento a obriga de xustifica-la inversión ou aplicación das cantidades satisfeitas dentro dos prazos regulamentarios.⁽¹²⁾

(13)

Artigo 62

As empresas públicas galegas elaborarán un programa de actuación, inversión e financiación, que respondendo ás previsións plurianuais que se establezan, terá o seguinte contido:

a) Un estado no que se detallarán as inversións reais e financeiras a efectuar durante o exercicio.

b) Un estado no que se especificarán as aportacións da Comunidade ou dos seus organismos autónomos, así como doutras empresas dependentes daqueles que participen no capital social, e as máis fontes de financiación das súas inversións.

c) O Presuposto anual de explotación.

d) A expresión dos obxectivos a acadar no exercicio, entre os cales se considerarán os económicos, comerciais e tecnolóxicos e as rendas que se espera xerar.

e) Unha memoria de avaliación económica das inversións que se vaian iniciar no exercicio.⁽¹⁴⁾

Artigo 63

1. A estrutura básica dos programas de actuación das empresas públicas será establecida pola Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, e desenvolveraa cada empresa conforme ás súas propias características e necesidades.

2. A Xunta dará conta ó Parlamento de Galicia dos principios que informan os programas de actuación das empresas públicas galegas.⁽¹⁵⁾

Artigo 64

1. As empresas públicas galegas remitirán á Consellería de Economía e Facenda, antes do primeiro de agosto de cada ano, o anteproxecto do programa de actuación, inversións e financiación correspondente ó exercicio seguinte, complementado cunha memoria explicativa do contido do programa e das principais modificacións que presente en relación co vixente, de acordo co previsto no artigo 62 desta Lei.

2. Os programas, a proposta do Conselleiro de Economía e Facen-

(12) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 61 foi modificado pola disposición adicional décimo primeira da Lei 2/1990.

(13) Pola disposición adicional décimo primeira da Lei 2/1990 foi engadido un capítulo V no título II desta lei.

(14) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 62 foi modificado pola disposición adicional décimo primeira da Lei 2/1990.

(15) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 63 foi modificado pola disposición adicional décimo primeira da Lei 2/1990.

da, someteranse ó acordo da Xunta para a súa aprobación ou denegación antes do 15 de setembro de cada ano. Os programas aprobados publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Se as empresas públicas perciben subvencións correntes con cargo ó Presuposto Xeral da Comunidade Autónoma, remitirán, ademais do programa sinalado no artigo 62, un presuposto de explotación, así como un presuposto de capital se a subvención fose desta clase.⁽¹⁶⁾

Artigo 65

Os convenios que a Comunidade Autónoma estableza coas empresas públicas galegas ou vencelladas, ou con outras que, aínda non dependendo dela, disfrutan de avais ou reciban subvencións con cargo ós seus Presupostos, incluírán, en calquera caso, as cláusulas correspondentes ás seguintes materias:

a) Supostos macroeconómicos e sectoriais que dan fundamento ó convido.

b) Obxectivos da política persoal, rentabilidade, produtividade ou reestructuración técnica de explotación económica, xunto cos medios de avaliación daqueles.

c) Aportación ou avais da Comunidade.

(16) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 3 do artigo 64 foi modificado pola disposición adicional décimo primeira da Lei 2/1990.

d) Medios que se vaian empregar para adopta-los obxectivos acordados ás variacións habidas no respectivo entorno económico.

e) Control pola Comunidade Autónoma da execución do convenio e da posterior explotación económica.

Título III

Da Tesourería da Comunidade

Capítulo I

Normas xerais

Artigo 66

1. Constitúen a Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia tódolos recursos financeiros, sexan diñeiro, valores, créditos ou produtos do endebedamento, da Comunidade e dos seus organismos autónomos que se xeren tanto por operacións presupostarias coma extrapresupostarias.

2. As disponibilidades da Tesourería e as variacións que podan sufrir están suxeitas ó réxime de intervención e deben ser rexistradas de conformidade coas normas de contabilidade pública.

Artigo 67

Son funcións que debe cumprir-la Tesourería:

a) Recada-los recursos e paga-las obrigas da Comunidade Autónoma.

b) Servir ó principio de unidade de caixa, mediante a centralización de tódolos fondos e valores xerados por operacións presupostarias e extrapresupostarias.

c) Distribuír no tempo e no territorio as disponibilidades monetarias para a satisfacción puntual das obrigas da Comunidade.

d) Responder dos avais contraídos pola Comunidade, conforme ás disposicións desta lei.

e) As máis que se deriven ou relacionen coas anteriormente enumeradas.

Artigo 68

1. A Tesourería da Comunidade situará os fondos públicos no Banco de España e nas entidades de crédito e aforro que operen en Galicia en contas das que, en todo caso, ostentará a titularidade.

2. O réxime das autorizacións para a situación de fondos, da natureza das contas, do control e disposicións dos fondos e dos servizos de colaboración a concertar coas entidades indicadas no párrafo anterior determinarase regulamentariamente.

Artigo 69

1. Os fondos dos organismos autónomos situaranse cos da Tesourería e baixo o control da mesma en contas diferenciadas, utilizando rúbricas que conteñan a denominación xeral de «Organismos Autónomos da Comuni-

dade Autónoma de Galicia», tendo a consideración, a tódolos efectos, de fondos da propia Tesourería.

2. Igualmente, cando conveña por razón das operacións que desenvolvan ou polo lugar en que se realicen estas, os organismos autónomos poderán utilizar os servizos das entidades de crédito e aforro sinaladas no artigo anterior, previa autorización do Conselleiro de Economía e Facenda, e conforme ás disposicións regulamentarias que se dicten ó efecto.

Artigo 70

1. Os ingresos a favor da Tesourería poderán realizarse no Banco de España, nas Caixas da propia Tesourería e nas que se habiliten nos organismos autónomos e nas entidades colaboradoras da mesma.

2. Os medios de pagamento admisibles que, amais de diñeiro de curso legal, poderán consistir en xiros, transferencias, cheques nominativos ou calquera outro medio ou documento, xa sexa bancario ou non, estableceranse regulamentariamente, fixando as condicións e o momento en que, en cada caso, se producirá a liberación da débeda.

3. A Tesourería poderá así mesmo dar cumprimento ás súas obrigas por calquera dos medios de pagamento a que se fai referencia no párrafo anterior, no xeito que regulamentariamente se determine.

Artigo 71

As necesidades transitorias de dispoñibilidade de fondos da Tesourería, derivadas das diferencias de vencemento dos seus pagamentos e ingresos, poderán atenderse, conforme á autorización concedida en cada Lei de Presupostos, con:

a) Anticipos do Banco de España, se así se acordase mediante convenio co mesmo, ou de entidades de crédito e Caixas de Aforro, por acordo da Xunta, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, e sempre que o seu importe non sexa superior ó 12 por cento dos créditos que para gastos autoricen os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma do propio exercicio, como límite acumulativo máximo, debendo de proceder á súa cancelación dentro do propio exercicio presupostario.

b) O produto da emisión da débeda de Tesourería a que se fai referencia no apartado c) do artigo vinteseis, e no artigo trinta desta Lei.

Artigo 72

Como instrumento de análise e para mellor xestión da Tesourería deberase elaborar, cando menos trimestralmente, un cadro de seguimento da actividade financeira dos axentes do sector público galego, no marco das previsións dun presuposto monetario.

Capítulo II

Dos avais da Tesourería da Comunidade Autónoma

Artigo 73

1. As garantías que ofrezca a Comunidade Autónoma deberán revestir a forma de aval da Tesourería, que será autorizado pola Xunta de Galicia, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, mediante Decreto publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Os avais deberán estar documentados no xeito que regulamentariamente se determine e devengarán a favor da Tesourería a comisión que para cada operación se estableza pola Xunta no Decreto da súa concesión, debendo figurar nos presupostos da Comunidade o produto así obtido.

3. A Tesourería da Comunidade Autónoma responderá do pagamento das obrigas de amortización e cargas financeiras derivadas das operacións avaladas na forma que se estableza e só en caso de que resulten imposibles de cumprir polo debedor principal ou primeiro avalista tales obrigas, podendo convida-la renuncia ó beneficio de execución que se establece no artigo mil oitocentos trinta do Código Civil para o suposto de que os beneficiarios dos avais sexan os seus organismos autónomos ou Corporacións locais, existentes no seu territorio.

Artigo 74

1. A Comunidade Autónoma poderá avala-las operacións de crédito que, a favor dos seus organismos autónomos, empresas públicas ou participadas e Corporacións locais sitas no seu territorio, concedan as entidades de crédito legalmente establecidas, a prestar un segundo aval, na forma que se estableza, ás empresas privadas que, tendo fixado o seu domicilio social e a radicación dos seus negocios en Galicia, sexan socios partícipes de Sociedades de Garantía Recíproca.

2. O límite máximo dos avais a conceder en cada exercicio fixarase na correspondente Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

3. Os créditos avalados, no caso de que os beneficiarios sexan empresas privadas, soamente poderán ter como finalidade financiar operacións de reconversión e reestructuración de medianas e pequenas empresas e de grupos de medianas e pequenas empresas que, mediante a presentación dun plan económico-financeiro, demostren unha capacidade de adaptación que previsiblemente faga viable a súa continuidade. Neste suposto, cada aval individualizado non poderá exceder do dous por cento da cantidade global autorizada na correspondente Lei de Presupostos Xerais.

4. A Consellería de Economía e Facenda, tramitará os expedientes,

informará sobre a conveniencia da concesión dos avais e practicará as liquidacións que en cada caso procedan.

5. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma controlará as actividades que se desenvolvan en orde á aplicación dos créditos avalados, comunicando a situación ó Conselleiro de Economía e Facenda, que informará á Xunta, e, trimestralmente, dará conta ó Parlamento de tódalas incidencias que se producen na concesión, redución e cancelación dos avais e, no seu caso, dos riscos efectivos ós que a Comunidade debese facer frente.

Artigo 75

1. Os organismos autónomos e as empresas públicas galegas poderán prestar avais dentro do límite máximo fixado con esta finalidade para cada exercicio e empresa pola correspondente Lei de Presupostos Xerais sempre que estean autorizadas pola súa Lei de creación e os beneficiarios sexan sociedades mercantís no capital das cales participen nos términos previstos na Disposición Transitoria terceira desta Lei. De cada un dos avais que concedan deberán render conta á Consellería de Economía e Facenda.

2. As sociedades mercantís no capital das cales participen organismos autónomos da Comunidade na forma prevista na Disposición Transitoria terceira desta Lei, que a teor do disposto no apartado 1 do

artigo 74 poidan ser beneficiarias de avais estarán suxeitas ás mesmas normas sobre concesión, autorización e liquidación esixidas para os propios organismos autónomos.

Título IV

Do control e da contabilidade

Capítulo I

Sección 1.^a

Principios xerais

Artigo 76

1. O control da actividade económica e financeira da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia será exercido pola Intervención Xeral da mesma, sen prexuício das superiores facultades que competan ó Consello de Contas da Comunidade Autónoma e no seu caso ó Tribunal de Contas do Estado.

2. O exercicio do control sinalado no apartado anterior realízase tomando como base un sistema que comprenderá as seguintes funcións:

- Función interventora
- Auditoría interna
- Control financeiro

3. A función interventora terá por obxecto controlar tódolos actos, documentos e expedientes dos que se poidan derivar dereitos e

obrigas de contido económico e movemento de fondos ou valores públicos, que se produzan ou xeren polos administradores dos servizos e organismos autónomos da Comunidade, co fin de que a súa actividade se axuste ás disposicións legais aplicables en cada caso.

4. A función de auditoría interna establecerase como substitutiva da función interventora agás no referente ó movemento de fondos ou valores públicos, para aqueles actos, documentos ou expedientes que sexan reprodución ou continuación doutros xa intervidos de conformidade, sempre que a través dos mesmos non se xeren modificacións materiais dos dereitos e obrigas como consecuencia da aplicación de novas normas ou da variación das condicións contractuais, convidas ou preexistentes, na prestación dos servizos. Terá por obxecto a realización de comprobacións periódicas de carácter documental ou de constatación material.

5. A función de control financeiro terá por obxecto examinalo correcto funcionamento e a adecuación da organización e dos procedementos e instrumentos de xestión económica e financeira ós fins do servizo, organismo ou empresa, así como a apropiada utilización dos recursos da Facenda da Comunidade conforme ó previsto en cada caso, mediante técnicas de análises periódicas que permitan a constatación dos feitos e o efectivo cumprimento dos obxectivos que aqueles teñan sinalados.

Artigo 77

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma actuará no exercicio das funcións de control con plena autonomía respecto dos órganos, organismos autónomos, empresas e persoas suxeitas ó mesmo.

Sección 2.^a

Da función interventora

Artigo 78

1. O exercicio da función interventora comprenderá as seguintes fases:

a) A intervención previa ou crítica de tódolos actos, documentos e expedientes, susceptibles de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos e valores.

b) A intervención formal da ordenación de pagamentos.

c) A intervención material da efectividade do pagamento.

d) A intervención da aplicación das cantidades destinadas a obras, suministros, adquisicións e servizos, que comprenderá, no seu caso, o exame documental.

2. Son inherentes ó exercicio da función interventora as seguintes facultades:

a) Interpoñer recursos e reclamacións nos supostos previstos polas leis.

b) Solicitar do órgano ou órganos competentes os asesoramentos xurídicos, os informes técnicos que coide necesarios e os antecedentes e documentos pertinentes, para o mellor exercicio da función, cando a natureza do acto, documento ou expediente así o requira.

3. Quedarán sometidos ó réxime de control establecido neste artigo tódolos servizos de administración da Facenda da Comunidade e dos seus organismos autónomos.

4. As facultades que se establecen neste artigo serán exercidas na forma que regulamentariamente se establezan por:

a) O Interventor Xeral da Comunidade, que poderá avocar para si a fiscalización de calquera acto ou expediente que coide oportuno.

b) Polos Interventores-Delegados que se designen ó efecto.

Artigo 79

Non estarán sometidos a intervención previa os gastos de material non inventariable, así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez intervido o gasto inicial correspondente ó período a que se refire o acto ou contrato do que se deriven ou as súas modificacións.⁽¹⁷⁾

(17) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 79 foi modificado pola disposición adicional sexta da Lei 2/1988.

Artigo 80

1. No caso de que a Intervención se manifestase en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, expedientes ou documentos examinados, deberá formular en escrito motivado as correspondentes obxeccións ou reparos.

2. Cando o desacordo se refira ó recoñecemento ou á liquidación de dereitos a favor da Facenda da Comunidade Autónoma, as observacións formularanse en notas de reparos, e, en caso de subsistir a discrepancia, mediante a interposición dos recursos ou reclamacións legalmente establecidos que sexan procedentes.

3. A Intervención poderá emitir, non obstante, informe favorable, quedando condicionada a eficacia definitiva do acto ó cumprimento dos requisitos que se indiquen por escrito:

a) Cando os trámites omitidos non sexan esenciais ou as irregularidades observadas poidan ser subsanadas sen que se produzan quebrantamentos económicos á Facenda da Comunidade ou a terceiros.

b) Cando se determine que se realizarán comprobacións substitutivas dos trámites de fiscalización polo sistema de auditoría dentro do correspondente exercicio económico e no prazo que se sinala ó efecto.

Artigo 81

1. Se os reparos afectan á disposición de gastos, recoñecemento

de obrigas ou ordenación de pagamentos, orixinarán a inmediata suspensión da tramitación do expediente, ata que aqueles non sexan solucionados, nos seguintes casos:

a) Cando se baseen na insuficiencia ou inadecuación do crédito ó que se propoña imputalo gasto, a obriga ou o pagamento.

b) Cando se aprecien graves irregularidades, non subsanables de xeito inmediato, na documentación xustificativa das ordes de pagamento, ou non se acredite suficientemente o dereito dos perceptores.

c) Cando se omitan requisitos ou trámites esenciais nos expedientes ou se coide que a continuación do procedemento puidese causar graves quebrantamentos á Tesourería da Comunidade ou a un terceiro.

d) Cando os reparos se xeren como consecuencia de actos de comprobación material de obras, suministros, adquisicións ou servizos en xeral.

2. Cando o órgano ó que afecte o reparo non estivese de acordo co mesmo, procederase a resolver a discrepancia do seguinte xeito:

a) Se a discrepancia xorde como consecuencia de reparos formulados por unha Intervención-Delegada, a Intervención Xeral da Comunidade dictará a resolución que proceda.

b) Cando o reparo fose formulado pola propia Intervención Xeral ou se manteñan en todo ou en parte os reparos formulados polas Intervencións Delegadas, corresponde-lle á Xunta de Galicia a resolución definitiva da discrepancia.

Sección 3.^a

Da auditoría interna

Artigo 82

1. A Auditoría interna será exercida polos Interventores-Delegados nos servizos e organismos autónomos da Comunidade mediante comprobacións periódicas no xeito e nos supostos que regulamentariamente se determinen.

2. O exercicio deste xeito de control leva consigo:

a) A verificación da contabilidade.

b) O acceso inmediato a toda documentación que se considere necesaria para efectuar as correspondentes comprobacións.

c) A posibilidade discrecional de realizar constatacións das existencia de fondos, de materiais e de bens de calquera natureza.

d) A comprobación da eficaz organización e funcionamento dos servizos sometidos a este réxime en orde a determinar as garantías que se ofrecen ó administrado, ós intereses da Facenda da Comunidade e ó cumprimento dos seus obxectivos.

3. O resultado das comprobacións reflexarase nun informe que se elevará á Intervención Xeral da Comunidade, que o remitirá ó Conselleiro de Economía e Facenda e ós órganos responsables da xestión ou tutela do servizo ou organismo.

4. Se no curso das comprobacións practicadas se apreciase manifesta oposición ó exercicio da función ou á existencia de graves irregularidades, a omisión de trámites ou procedementos esenciais e posibles quebrantamentos á Tesourería da Comunidade, darase conta á Intervención Xeral, propondo a substitución inmediata deste procedemento de control polo exercicio da función interventora a tódolos efectos e en tódalas súas fases, sen prexuício de continuar pola vía de urxencia as comprobacións que fosen necesarias para redactalo informe a que se refire o apartado anterior. A Intervención Xeral deberá resolver nun prazo máximo de corenta e oito horas, dando conta da resolución provisoria adoptada á Xunta e ó órgano correspondente sometido a esta forma de control.

5. A resolución definitiva que proceda será dictada pola Xunta á vista do informe a que se refire o apartado tres deste artigo, e nela poderase determinar a forma de control que, transitoria ou definitivamente, deberá ser adoptada respecto dos procedementos de xestión, expediente ou actos que expresamente se sinalen, dando

conta ó Consello de Contas de Galicia.

Sección 4.^a

Do control financeiro

Artigo 83

1. O control de carácter financeiro exercerase na forma que regulamentariamente se estableza, respecto de:

a) Os servicios, organismos autónomos e empresas públicas ou participadas.

b) As persoas naturais ou xurídicas que reciban subvencións, créditos, avais e demais axudas da Comunidade, dos seus organismos autónomos e das súas empresas públicas.

2. As actividades necesarias para o exercicio da función de control financeiro serán dirixidas por interventores dependentes da Intervención Xeral.

3. As tarefas de control financeiro poderán realizarse a petición dos órganos rectores correspondentes ou mediante a aplicación dun plan a curto prazo deseñado pola Intervención Xeral e sometido á aprobación da Xunta.

4. Serán inherentes ó exercicio desta forma de control as facultades previstas no número dous do artigo oitenta e dous.

5. O resultado das tarefas de control financeiro reflexarase nun

informe que será suscrito polos interventores actuantes e elevarase ós órganos determinados no número tres do artigo anterior.

6. Nos casos en que proceda, farase uso dos procedementos e garantía que se establecen nos números catro e cinco do artigo oitenta e dous.

7. A Intervención Xeral procederá a redactar un informe, coas conclusións que se deriven dos resultados que ofrezca cada tarefa realizada, na forma prevista neste artigo, para a súa elevación á Xunta.

Artigo 84

O control da disposición dos fondos que se libren por parte dos administradores responsables da xestión das empresas públicas de Galicia, exercerase tendo en conta as respectivas contas xustificativas e a documentación complementaria que deba unirse ás mesmas, agás que por causas especiais previstas neste capítulo se coide procedente suspender este xeito de control e sustituílo por outros procedementos que ofrezan unha maior garantía.

Capítulo II

Da contabilidade

Artigo 85

1. A administración da Comunidade, dos seus organismos autónomos e das empresas públicas de

Galicia, así como a xestión delegada a favor das Entidades Locais, queda sometida ó réxime de contabilidade pública nos términos previstos nesta Lei.

2. A suxección ó réxime de contabilidade pública comporta a obriga de render contas das respectivas operacións e transaccións económicas ó Consello de Contas de Galicia.

3. O disposto no párrafo anterior é de aplicación ó emprego dos fondos a xustificar, das transferencias correntes e de capital con cargo ós Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, calquera que sexa o perceptor das mesmas.

4. As obrigas que se determinan no presente artigo entenderanse sen prexuício das facultades que a Constitución confire ó Tribunal de Contas.

Artigo 86

É competencia da Consellería de Economía e Facenda a organización da contabilidade pública ó servicio dos seguintes fins:

a) Rexistra-la execución do pre-suposto da Comunidade.

b) Coñece-lo movemento e situación da Tesourería.

c) Reflexa-las variacións, composición e situación do Patrimonio da Comunidade e do inventario de bens afectados ós fins dos organismos autónomos e das empresas públicas.

d) Proporciona-los datos necesarios para a formación e rendición da Conta Xeral da Comunidade, así como das máis contas, estados e documentos que deban elaborarse ou remitirse ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Contas.

e) Facilita-los datos e outros antecedentes necesarios para a confección das contas económicas do Sector Público de Galicia e para a súa posterior consolidación coas contas económicas do Sector Público do Estado.

f) Rende-la información económica e financeira que sexa necesaria para a toma de decisións a nivel da Xunta.

Artigo 87

A Intervención Xeral é o Centro Directivo da Contabilidade Pública de Galicia ó que lle corresponde:

a) Someter á decisión do Conselleiro de Economía e Facenda o Plan Xeral da Contabilidade Pública, ó que se adaptarán os rexistros das transaccións e operacións de tódolos organismos, corporacións e demais entidades comprendidas no Sector Público de Galicia, coa debida coordinación co Plan Xeral de Contabilidade Pública de España.

b) Promove-lo exercicio da potestade regulamentaria en orde á determinación da estrutura, xustificación, tramitación e rendición de contas e demais documentos

relativos á contabilidade pública, podendo dictar ó efecto circulares e instrucións polos procedementos que se determinen nas leis e regulamentos.

c) Aproba-los plans parciais ou especiais de contabilidade que se elaboren conforme ó Plan Xeral de Contabilidade Pública.

d) Inspecciona-la contabilidade dos organismos autónomos e das empresas públicas de Galicia.

Artigo 88

1. Como centro xestor da Contabilidade pública, corresponde á Intervención Xeral:

a) Forma-la Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

b) Preparar e examina-las contas que deban renderse ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Contas, e formula-las observacións que, no seu caso, se estimen necesarias.

c) Recaba-la presentación de contas, estados e outros documentos suxeitos a exame crítico.

d) Centraliza-la información deducida da contabilidade das corporacións, organismos, entidades e demais axentes que integran o Sector Público de Galicia.

e) Elabora-las contas económicas do Sector Público de Galicia, de acordo co sistema de contas que rexan para todo o Estado.

f) Vixiar e dar pulo á actividade das oficinas de contabilidade de tódolos órganos, servicios, organismos autónomos e empresas públicas da Comunidade.

2. Ós efectos previstos neste artigo, a rendición de toda clase de contas polos procedementos ordinarios, deberase realizar a través da Intervención Xeral.

Artigo 89

As contas e a documentación que deban renderse ó Consello de Contas e ó Tribunal de Contas formaranse e pecharanse mensualmente, agás as correspondentes a organismos autónomos, empresas públicas ou participadas da Comunidade Autónoma, que se formularán con referencia ó peche económico e se deberán render dentro dos seis meses seguintes ó ano natural ou exercicio social correspondente, sen prexuício das demais obrigas impostas pola Lei respecto das empresas públicas.

Artigo 90

1. A Consellería de Economía e Facenda remitirá ó Parlamento de Galicia, a efectos de información e estudo pola Comisión de Economía, Facenda e Presupostos, e publicará no *Diario Oficial de Galicia*, os datos trimestrais seguintes:

a) Estado de execución do presuposto da Comunidade e as súas modificacións.

b) Situación da Tesourería e movementos por operacións presupostarias e extrapresupostarias.

2. A información citada no párrafo anterior deberá elaborarse, remitirse e publicarse dentro do trimestre natural seguinte a aquela a que a mesma se refire.

Capítulo III

Da Conta Xeral da Comunidade

Artigo 91

1. A Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comprenderá tódalas operacións presupostarias, patrimoniais e de tesourería levadas a cabo durante o exercicio e constará dos seguintes documentos:

a) Conta da Administración da Comunidade.

b) Conta dos organismos autónomos de carácter administrativo.

c) Conta dos organismos autónomos de carácter industrial, comercial, financeiro ou análogo.

d) Conta das empresas públicas.

2. Adxuntaranse á Conta Xeral:

a) As contas de cada Deputación Provincial.

b) Un estado no que se reflexe o movemento e situación dos avais concedidos pola Comunidade Autónoma e as súas empresas públicas.

Artigo 92

A Conta Xeral da Comunidade Autónoma formarase con base nos partes e documentos que regulamentariamente se determinen e en particular:

1.— A liquidación do presuposto dividido en tres partes:

a) Cadro demostrativo dos créditos autorizados no Estado de Gastos e nas súas modificacións, ó que se unirá unha copia das leis, disposicións e acordos en virtude dos que se produciron aqueles.

b) Liquidación do Estado de Gastos.

c) Liquidación do Estado de Ingresos.

2.— Un estado demostrativo da evolución e situación dos valores a cobrar e das obrigas a pagar procedentes de exercicios anteriores.

3.— Un estado dos compromisos de gastos adquiridos con cargo a exercicios futuros, segundo o que figura no artigo 44.

4.— A Conta Xeral de Tesourería, que poña de manifesto a situación do Tesoureiro e as operacións realizadas polo mesmo durante o exercicio, con distinción das que corresponden ó Presuposto vixente e ós anteriores.

5.— A Conta Xeral da Débeda Pública e en xeral do endebedamento da Comunidade Autónoma.

6.— O resultado do exercicio económico, de acordo coa estrutura seguinte:

a) Os saldos de execución do presuposto por obrigas e dereitos recoñecidos e por pagamentos e ingresos realizados.

b) O déficit ou superávit de Te-sourería por operacións presu-postarias, incluíndo as correspondentes ó exercicio vixente e ós anteriores.

c) A variación dos activos e pasivos de Facenda da Comunidade Autónoma, derivada das operacións correntes e de capital.

Artigo 93

1. A estrutura de cada unha das contas a que fai referencia o número un do artigo noventa e un, adaptárase e coordinárase regulamentariamente con base nas informacións que debe suministrar-la Conta Xeral da Comunidade e na forma de prestación prevista no artigo anterior.

2. As indicadas contas formáranse pola Intervención Xeral tomando como fonte as que cada un dos seus Órganos, organismos autónomos e empresas públicas deban render ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Contas, así como os demais documentos contables e extracontables que deban confeccionarse para unha axeitada información ou control.

Artigo 94

A Conta Xeral da Comunidade Autónoma deberá aprobarse polo

Parlamento de Galicia, a efectos do previsto no apartado b) do artigo dez do Estatuto de Autonomía.

Título V

Das responsabilidades

Artigo 95

1. As autoridades, os funcionarios e os empregados ó servizo da Comunidade, dos seus organismos autónomos e das súas empresas públicas, que por dolo, culpa ou negligencia adopten resolucións ou realicen accións ou incorran en omisións que ocasionen prexuícios á Facenda da Comunidade, estarán obrigados a indemnizalos danos causados como consecuencia daquelas con independencia da responsabilidade penal ou disciplinaria que lles poida corresponder.

2. Estarán suxeitos á obriga de indemnizar, amais das autoridades, funcionarios e empregados que adopten a resolución ou realicen as accións sinaladas no anterior, os interventores, tesoureiros e ordenadores de pagamentos que, por dolo, culpa, negligencia ou ignorancia inescusable, non salvasen a súa actuación no correspondente expediente mediante observación escrita acerca da improcedencia ou ilegalidade do acto ou da resolución.

3. A responsabilidade de quen participase na resolución ou no acto será mancomunada, excepto

cando concorra dolo; neste caso, será solidaria.

4. Logo que os superiores dos presupostos responsables e os ordenadores de pagamentos teñan noticia dun alcance, malversación, dano ou prexuício á Facenda da Comunidade, ou transcorresen os prazos sinalados no artigo cincuenta e oito desta Lei sen seren xustificadas as ordes de pagamento a que o mesmo se refire, instruirán as oportunas dilixencias previas e adoptarán con igual carácter as medidas precisas para aseguralos dereitos da Facenda da Comunidade, dando conta inmediata ó Consello de Contas e ó Conselleiro de Economía e Facenda para que procedan de acordo coas súas competencias e conforme ós procedementos que estean establecidos.

Artigo 96

Constitúen infraccións que dan orixe á obriga de indemnizar á Facenda da Comunidade:

a) Incurrir en alcance ou malversación na administración dos fondos da Comunidade.

b) Administra-los recursos e demais dereitos da Facenda da Comunidade incumprindo as disposicións reguladoras da súa xestión, liquidación, inspección e recadación ou ingreso en Tesourería.

c) Comprometer gastos e ordenar pagamentos sen crédito abonado ou infrinxindo doutro xeito as

disposicións legais aplicables á execución e xestión dos presupostos e ós movementos de Tesourería.

d) Dar lugar a pagamentos indebidos ó proceder a liquidacións obrigas ou ó expedir-los documentos que corresponda en virtude das funcións encomendadas.

e) Non rende-las contas regulamentariamente esixidas ou presentadas con graves defectos.

f) Non xustifica-la aplicación dos fondos a que se fai referencia no artigo cincuenta e oito desta Lei.

g) Calquera outro acto ou resolución dictada con infracción das disposicións desta Lei ou da normativa aplicable á xestión do Patrimonio e á administración e contabilidade da Facenda da Comunidade.

Artigo 97

1. A responsabilidade polos actos, omisións e resolucións tipificadas no artigo anterior será determinada, depurada e esixida en virtude de expediente administrativo, sen prexuício das competencias do Consello de Contas de Galicia e do Tribunal de Contas do Estado.

2. O acordo de incoación do expediente, a resolución do mesmo e o nomeamento do Instructor corresponderá á Xunta cando se trate de persoas que teñan a consideración de Autoridade ou cargo

político da Comunidade e ó Conselleiro de Economía e Facenda, nos demais casos.

3. Na tramitación do expediente darase, en todo caso, audiencia ós interesados e a resolución correspondente deberá conte-lo pronunciamiento sobre os danos e prexuícios causados que os responsables terán a obriga de indemnizar na cuantía e nos prazos que se sinalen.

Artigo 98

1. Os danos e prexuícios declarados na resolución do expediente a que se refire o artigo anterior terán a consideración de dereitos económicos da Facenda da Comunidade, gozarán, no seu caso, do réxime previsto no artigo dezanove desta Lei e procederase ó cobro por vía de apremio.

2. A Facenda da Comunidade terá dereito a esixirla indemnización por intereses prevista no artigo dezanove desta Lei sobre o importe dos danos e prexuícios causados, desde o día en que estes se producisen.

3. Cando a consecuencia da insolvencia dos obrigados a indemnizar, haxa de procederse contra os responsables subsidiarios declarados como tales no expediente, os intereses a que fai referencia o apartado anterior seranlles esixidos desde a data en que fosen requiridos para cumprirla obriga.

Disposición transitoria primeira

As transferencias de fondos afectadas ós servicios traspasados á Administración da Comunidade, poderán ser obxecto de incorporación e redistribución nos términos previstos nos artigos corenta e cinco, cincuenta e cincuenta e un desta Lei.

Disposición transitoria segunda

Consideraranse empresas participadas pola Comunidade, ós efectos desta Lei e ata que se regule a devandita situación polo Estatuto da empresa pública, as sociedades ou empresas mercantís nas que a Comunidade, os seus organismos autónomos ou as súas empresas públicas participen directa ou indirectamente en máis dun 25 por cento do capital social, teñan a posibilidade de designa-los órganos de dirección, ou cando, sendo aquelas titulares de prestación de servicios públicos, a devandita participación no capital social sexa superior ó 10 por cento.

Disposición transitoria terceira

O Goberno Galego dará conta ó Parlamento dos Proxectos de asignación dos créditos precisos para as obrigas derivadas da asunción de novas competencias ou servicios transferidos polo Estado dentro do período presupostario vixente, e con posterioridade á presentación e aprobación do Presupuesto Xeral anual que corresponda.

Disposición transitoria cuarta

A efectividade das previsións contidas nos apartados a) e f) do número 6 do artigo 36 non serán esixibles nos dous exercicios presupostarios seguintes á entrada en vigor da presente Lei.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 1984

Gerardo Fernández Albor
Presidente